



Costureira non a quero  
que senón ríome dela  
canto arpeu hai no mundo  
dorme na cama con ela.

Costureira bonitiña  
Dam'unha aghulla de prata  
para sacar unha espiña  
do corazón que me mata.

Costureira non a quero  
tecelana non ma dan  
a filla dun labradore  
que sepa ghana-lo pan.

Heite d'amar paxariño  
heite d'amar ghorrión  
heite d'amar paxarino  
de día e de noite non.

Toca miña pandeireta  
senon heite de rachar  
que me custache-los cartos  
axudarmos a ghanar.

Este pandeiro que toco  
éche de coiro d'ovella  
onte pacía no monte  
hoxe toca que rabea.

O pandeiro toca ben  
as ferreñas danll'o son  
ar mociñas que o tocan  
elas de Vilvestro son.

Canteiros de Pontevedra  
pican na pedra menuda  
pican na muller allea  
outros lles pican a súa.



Unha noite no muiño  
unha noite non é nada  
unha semaniña enteira  
eso si qu' é muiñada.

O muiño troula troula  
nunca s'enche de troular  
a filla do muiñeiro  
rabea por se casar.

- Había aquí unha fiada moi ghrande, non, e repartíaa pola parroquia adiante para que ma fiaran, non sabes?, e despois cada un fiaba cunha estopa, un fío, un liño... Cada un collía cerzo ou collía estopa, calquer cousa que lle dera a ghana. E despois, así que estaba fiado no domingo que se poñía para lovalo esas cousas á casa donde se repartían, daban unha merenda e facíamos unha foliada.

Miña soghra xa morreu  
deixoum'o caldo na cunca  
vamos come-lo caldiño  
pola ialma da defunta.